

Referencia:	2019/8129N
Procedemento::	Expedientes de fijación de periodicidad de las sesiones de la Junta de Gobierno
Interesado:	
Representante:	
NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL (493)	

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Réxime de sesións da Xunta de Goberno mandato 2019-2023

De conformidade co artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, correspóndelle ao Pleno establecer a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno. Non obstante o anterior, o artigo 112.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, establece que lle corresponden á Presidencia fixar, mediante decreto, o día e hora en que se debe realizar a sesión ordinaria.

Por conseguinte, nesta materia existe un reparto de atribucións entre o Pleno e a Presidencia: correspóndelle ao Pleno a fixación da periodicidade abstracta das sesións ordinarias e á Presidencia a concreción da data e hora en que, cumprindo a periodicidade establecida polo Pleno, se deban realizar as sesións ordinarias.

Polo exposto, elévase ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

- Establecer que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno se realicen con periodicidade semanal.

Corresponderalle á Presidencia fixar, mediante decreto, o día e hora en que deban realizarse as sesións ordinarias.